



## Concello de Lourenzá

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2022/4	El Pleno

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	21 de xullo de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 20:35 ata as 21:18 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Sesións
<b>Presidida por</b>	rocio lopez garcia
<b>Secretario</b>	Begoña González Pedregal

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	NON
35312108R	AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL	SÍ
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA	SÍ
34880827Q	ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ	SÍ
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BARRERA	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	NON
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ





## Concello de Lourenzá

### Escusas de asistencia presentadas:

1. ANTONIO REGO REY:  
«MOTIVOS PERSOAIS»
1. SONIA GAVINO REIGOSA:  
«COMPROMISO LABORAL»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 21/04/2022.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

En primeiro lugar, ó inicio da sesión, pola Alcaldía quixose facer extensiva unha felicitación a todos os membros do Pleno polo feito de que se acordara adicar a D. Francisco Fernández del Riego o día das Letras Galegas do vindeiro ano 2023, do que todos podían estar orgullosos e polo que tanto tiveran loitado.

Visto o borrador da acta da sesión anterior, a sesión extraordinaria celebrada o día vinte e un de abril do dous mil vinte e dous (21/04/22) distribuído coa convocatoria e non habendo nada, dito borrador foi aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión.

#### Expediente 49/2022.-CONTA XERAL 2021.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 5, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0

A continuación deuse conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, da Conta Xeral do Presuposto correspondente ó exercicio do 2021 cos seus correspondentes xustificantes. Vistos os informes favorables de Secretaría - Intervención de data 13/05/2022, así como o ditame tamén favorable da Comisión Especial de Contas de 12/05/2022 e o





## Concello de Lourenzá

resultado da súa exposición ó publico mediante anuncio no Taboleiro de Anuncios e no BOP. Núm. 113. de data 19/05/2022 durante quince días, dende o 20/05/2022 ata o día 06/06/2022 e oito máis, ata o día 21/06/2022, sen que durante dito período se presentasen reclamacións á mesma, previa deliberación ó efecto, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria e con cinco votos a favor, do Partido Socialista de Galicia-P.S.O.E., e catro abstencións, do Partido Popular e B.N.G., ACORDA

Primeiro.- APROBA-LA mencionada Conta Xeral do exercicio do 2021, nos termos e cifras nos que está redactada e que arroxa o seguinte resume:

Existencias Iniciais	1.456.881,14
Total Cobros	3.279.906,18
Total Pagos	3.256.000,71
Existencias Finais	1.480.786,61
Total Activo	13.633.512,26
Total Patrimonio Neto y Pasivo	13.633.512,26
Debedores pendentes cobro ó final exercicio	707.359,94
Créditos pendentes pago ó final exercicio	147.760,54
Fondos Líquidos Tesourería final exercicio	1.480.786,61
Partidas Pendentes aplicación	-216.466,23
Remanente de Tesourería Total	1.823.919,78
Saldos de dubidoso cobro	163.956,14
Exceso de Financiamento Afectado	10.415,63
Remanente Tesourería para Gastos Xerais	1.649.548,01

Segundo.- Render a Conta Xeral/2021 así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Terceiro.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 234/2018.APROBACIÓN DEFINITIVA RELACIÓN POSTOS TRABAJO (RPT) CONCELLO DE LOURENZÁ**





## Concello de Lourenzá

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Neste punto da Orde do día, e en relación ao Proxecto de Análise, Descrición, Clasificación, Ordenación e Valoración de Postos de Traballo e confección da Relación de Postos de Traballo(RPT) que fora aprobado inicialmente na sesión plenaria de vinte e un de abril do dous mil vinte e dous, e informándose pola Alcaldía que houbera unha soa alegación durante o período de exposición pública e ante a pregunta da Sra. Vázquez Abal de que houbera máis, informou que as outras foran antes da aprobación inicial e que xa foran contestadas no seu día.

Visto que no Boletín Oficial da Provincia núm.095 de fecha 27 de abril de 2022, foi publicado o anuncio de aprobación inicial abríndose un prazo de vinte días para a presentación de alegacións, reclamacións e suxestións.

Visto que presentada unha alegación no prazo establecido, por D. Marta Sánchez Seivane, con data 16/05/2022, e rexistrada o día 18/05/2022 co número 2022-E-RC-940, e que dita alegación fora informada polo equipo técnico do Servizo de Recursos Humanos de la Exma. Deputación Provincial , encargado do proxecto, con data 17/06/2022, desestimándose as alegacións presentadas, considerando unicamente a primeira na que se solicitaba que o Posto de Arquitecto respondera ó Grupo A, Subgrupo A-1, posto que o sinalado pola alegante xa figuraba na RPT e no Cadro de Persoal aprobado inicialmente polo Pleno na sesión de 21/04/2022.

O Pleno, en votación ordinaria e con sete votos a favor, do P. S. De G.-P.S.O.E. e do Partido Popular e dúas abstencións, do B.N.G., adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada, en tempo e forma, por D<sup>a</sup>. Marta Sánchez Seivane, de conformidade co informe-proposta emitido polo Servizo de Recursos Humanos da Exma. Deputación Provincial , encargado da elaboración do proxecto, de data 17/06/2022 e no que faise constar que “ o equipo técnico desestima as alegacións presentadas por considerar que o deseño e descrición do posto de traballo denominado “Arquitecto/a” responde ás necesidades do Concello de Lourenzá , adaptándose á lexislación vixente, valorándose de xeito obxectivo e cubrindo así as necesidades do Concello para prestar servizos de calidade nos diferentes ámbitos de actuación.

SEGUNDO.- Ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Lourenzá, elevando a definitivo o acordo plenario adoptado o pasado 21/04/2022 polo que se aprobaba inicialmente o Proxecto de Análise, Descrición, Clasificación, Ordenación e Valoración de Postos de Traballo e confección da Relación de Postos de Traballo(RPT), non habendo alteracións no documento aprobado inicialmente.

TERCEIRO.- Os efectos económicos derivados da aprobación definitiva da





## Concello de Lourenzá

RPT serán efectivos dende a data de aprobación definitiva.

CUARTO- Publicar integramente a aprobación definitiva da *Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Lourenzá*, no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 202.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.

1.-ÁREA FUNCIONAL DE SERVIZO SECRETARÍA E SERVIZOS ECONÓMICOS												
CÓDIGO POSTO	POSTO	DOT.	TP	RX	CD	CE.	FP	SIT.	GR/SUBG.	ESC/SUB	PRAZA	TIT
PT 001	SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	S	F	28	1589,18	C	O	A1/A2	FHN/SI	Secre.-Interventor	6/5
PT 012	AXENTE EMPREGO, DESENVOLVEMENTO LOCAL E XESTIÓN ADMINISTRATIVA	1	NS	F	21	499,46	C	VD	A2	AX/X	Técnico Xestión	5
PT 004	RESPONSABLE XESTIÓN ADMTVA. ASUNTOS ECONÓMICOS, CONTABILIDADE, PADRÓN E CENSO ELECTORAL	1	S	F	21	741,62	C	VND	A2/C1	AX/X/ADM	Técnico Xestión ou Administrativo	5/3
PT 042	ADMINISTRATIVO /A DE TESOURERÍA "A EXTINGUIR"		S	F	22	1034,92	C	O	C1	AX/ADM.	Administrativo	3
PT 005	RESPONSABLE XESTIÓN ADMINISTRATIVA ASUNTOS SECRETARÍA, CONTRATACIÓN E SUBVENCIÓNS		S	F	21	741,62	C	O	A2/C1	AX/X/ADM	Técnico Xestión ou Administrativo	5/3
PT 006	RESPONSABLE REXISTRO, ATENCIÓN CIDADÁ E PUBLICIDADE INSTITUCIONAL		S	F	17	348,11	C	VD	C1/C2	AX/ADM.AUX.	Administrativo ou Auxiliar	2
PT 018	ADMINISTRATIVO/A		NS	F	17	317,84	C	VD	C1	AX/ADM.	Administrativo	3
2.-ÁREA FUNCIONAL DE SERVIZOS SOCIAIS , BENESTAR , SANIDADE E AXUDA NO FOGAR												
PT 011	PSICÓLOGO/A	1	NS	F	22	438,92	C	VD	A1	AE/T-S	Psicólogo	6
PT 002	XEFE/A UNIDADE SERVIZOS SOCIAIS E AXUDA NO FOGAR	1	S	F	24	862,70	C	VD	A2	AE/T-M	Traballador Social	5
PT 039	XEFE/A UNIDADE SERVIZOS SOCIAIS E AXUDA NO FOGAR " A EXTINGUIR"	1	S	L	24	862,70	C	O	A2		Traballador Social	5
PT 019 A PT 030	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	12	NS	F/L	13	257,30	C	10 VD 2 VND	C2/AP	AE/SE-PO-AXD	Auxiliar Axuda no Fogar	2/1
3.-ÁREA FUNCIONAL DE CULTURA, TURISMO E FESTEXOS												
PT 009	TÉCNICO/A CULTURA E FESTEXOS	1	NS	F	22	499,46	C	VD	A1	AE/SE-CE	Técnico Cultura e Festexos	6
PT 040	TÉCNICO/A CULTURA E FESTEXOS "A EXTINGUIR"	1	NS	L	22	499,46	C	VD	A1		Técnico Cultura e Festexos	6
PT 017	TÉCNICO/A SUPERIOR DE TURISMO	1	NS	F	18	378,38	C	VD	B	AE/T-A	Técnico Superior de Turismo	4
4.-ÁREA FUNCIONAL DE EDUCACIÓN, XUVENTUDE E DEPORTE												
PT 010	TÉCNICO/A DEPORTIVO/A	1	NS	F	22	499,46	C	VD	A1	AE/T-S	Técnico Deportivo	6
PT 041	TÉCNICO/A DEPORTIVO/A "A EXTINGUIR"	1	NS	L	22	499,46	C	O	A1	AE/T-S	Técnico Deportivo	6
4.1.- UNIDADE ATENCIÓN INFANCIA												
PT003	DIRECTOR/A PUNTO ATENCIÓN Á INFANCIA	1	S	F/L	23	681,08	C	VD	A2	AE/T-M	Mestre Educación Infantil	5
PT 013 PT 014	MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL	3	NS	F/L	20	438,92	C	VD	A2	AE/T-M	Mestre Educación	5





## Concello de Lourenzá

PT 015												Infantil
5.- ÁREA FUNCIONAL DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, OBRAS E SERVIZOS												
PT 008	ARQUITECTO/A	1	NS	F	23	802,16	C	VD	A1	AE/T-S	Arquitecto	6
PT 016	TÉCNICO SUPERIOR ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA, OFICIOS MÚLTIPLES, MAQUINISTA, CONDUTOR/A	1	NS	F	19	560,00	C	VD	B	AE/T-A	Técnico Superior Electricidade e Electrónica	4
<b>5.1.- BRIGADA OBRAS E SERVIZOS</b>												
PT 007	ENCARGADO / A BRIGADA OBRAS E SERVIZOS	1	S	F/L	14	378,38	C	VND	C2/AP	AE/SE-PO-OF-OP	Oficial/ Operario	2/1
PT 031 PT 032 PT 033	CONSERXE, OPERARIO/A SERVIZOS MÚLTIPLES, CONDUTOR/A	3	NS	F/L	12	166,49	C	VD	AP	AE/SE/PO-OP	Conserxe, Operario servizos múltiples, condutor	1
PT 034 PT 035	OPERARIO/A SERVIZOS MÚLTIPLES, MAQUINISTA, CONDUTOR/A	2	NS	F/L	11	227,03	C	VD	AP	AE/SE/PO-OP	Operario servizos múltiples, maquinista, condutor	1
PT 036 PT 037 PT 038	OPERARIO/A LIMPADOR/A	2	NS	F/L	11	105,95	C	VD	AP	AE/SE/PO-OP	Operario Limpador	1

SIGLAS RPT APARTADO IDENTIFICACIÓN POSTOS TRABALLO			
<b>DOTACIÓN</b>	<b>DOT</b>		
<b>TIPO DE POSTO</b>	<b>TP</b>	<b>SITUACIÓN</b>	<b>SIT</b>
Singularizado	S	Ocupada	O
Non Singularizado	NS	Vacante dotada	VD
<b>RÉXIME XURIDICO</b>	<b>RX</b>	Vacante sen dotar	VND
Funcionarial	F		
Laboral	L		
<b>COMPLEMENTO DESTINO</b>	<b>CD</b>	<b>TITULACIÓN</b>	<b>TIT</b>
COMPLEMENTO ESPECÍFICO	CE	Graduado praza A-A1	6
<b>FORMA DE REVISIÓN</b>	<b>FP</b>	Graduado praza A-A2	5
Concurso	C	Técnico Superior	4
Concurso Específico	CE	Bacharelato, Técnico Medio	3
Libre Designación	LD	Enseñanza Secundaria Obligatoria	2
		Ausencia Titulación	1

**QUINTO.-** Achegar unha copia da mesma ó órgano competente da Administración General do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de trinta días.

**SEXTO.-** De conformidade co previsto no artigo 112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición

**SÉTIMO.-** Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a



Cod. Validación: N42DRXK9QLSDKTT2K9P3YQ9F5 | Corrección: https://concellodeourenza.sectelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 24



## Concello de Lourenzá

execución do presente acordo.

### **Expediente 339/2022. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE AS PRETENSÍONS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO EN RELACIÓN CO CAMIÑO DE SANTIAGO.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Chegado este punto da orde do día e coñecido o contido da Moción por tódolos concelleiros, abriuse un pequeno debate no que en primeiro lugar tomou a palabra o voceiro do P. Popular, Sr. Rodríguez Barrera, para manifestar que eles entendían que o Camiño tiña que servir para unir non para dividir, que Mondoñedo era final de etapa do Camiño Norte, dunha variante, pero era final de etapa e que era da opinión de que non se podía armar guerra, que o que había que facer era traballar e facer o que houbera que facer para seguir sendo e non dividir e que sorprendíalle o que dicían na moción do “malestar da veciñanza”, que el non vira ese ambiente nin que fora o sentir xeral de confrontar con Mondoñedo para poñelo na moción, que ó mellor algún veciño dixéralle que había que contestar pero outros, pola contra, dixéranlle que o que había que facer era traballar.

A continuación tomou a palabra a Sra. Alcaldesa, indicando que por suposto ela tamén estaba de acordo co que o Camiño debería estar para unir e traballar todos nun sentido e non enfrontarse politicamente nin de ningún xeito pero que chocáballe moito que dixera que Mondoñedo era final de etapa cando ela estaba cansa de oír nos medios que Mondoñedo aproveitaba calquera oportunidade para dicir que estaba cada vez máis cerca de conseguir ser o final de etapa, que tanto o lía ela como os veciños que transmitíanllo e ante a contestación do Sr. Rodríguez Barrera de que estaban no seu dereito e que tamén había outros concellos, como os da Costa que querían facer outro camiño pola costa e sacarían ó final de etapa se ía pola costa e que entón terían que mandar mocións a todos, ao que Alcaldesa contestoulle que iso non lle parecía mal, pero que ela estaba falando do Camiño Norte, no que Lourenzá era final de etapa (Ribadeo-Lourenzá e Lourenzá-Abadín) que era o que estaban reivindicando e que parecíalle mal que intentaran sacarlle ó Concello de Lourenzá o que xa tiña recoñecido, dicindo o Sr. Rodríguez Barrera que tampouco el quería que sacaran nada pero que pensaba que debían defenderse traballando.





## Concello de Lourenzá

Pola súa parte o voceiro do P.S. de G -P.S.O.E. indicou que había moitos veciños moi enfadados, que cando saíra o artigo do Concello de Mondoñedo no xornal dixéranlle que tiñan que contestar de inmediato, e ademais isto non viña de agora senón de moito antes, e en canto o que dicía o voceiro do P. Popular de que había que levarse ben, houbo épocas no que no Concello de Mondoñedo gobernaba o partido socialista ou o nacionalista, e en Lourenzá o Partido Popular e non houbera ningún tipo de enfrontamento e nunca ninguén plantexaran ó do Camiño, e que isto era unha reivindicación nova e que parecíalle moito mal que unha presidenta dun partido provincial defendera esa postura cando tiña que velar polos intereses dos veciños de todos os concellos da provincia. Seguiu dicindo que fai anos houbera unha reunión co Xerente do Xacobeo e houbera representantes de varias rutas do Camiño de Santiago e aquí se plantexara, dende unha asociación de Mondoñedo, que había que modificar o Camiño, levalo ata San Martiño e subilo pola ruta de San Rosendo ata a Cazolga e Oirán, directamente por Mondoñedo, ao que o Xerente do Xacobeo dixera que se deixara de bobadas, que os camiños eran os que eran historicamente e que non se podían abrir camiños novos e ademais, tamén nunha reunión á que asistira na basílica de S. Martiño, na que estaba presente Elena Candia ,quen tamén defendera o de abrir máis camiños ao que o Concello de Lourenzá negárase porque querían variar o Camiño de San Rosendo e levalo por Oirán, ao que nosoutros opuxémonos porque nos daban a alternativa de facer dúas rutas, unha por Oirán e outra por Lourenzá, ó que tamén evidentemente nos negáramos e que cría que deberían ter lealdade co Concello de Lourenzá e en canto que era final de etapa camiño, resaltou que era final de etapa dunha variante.

O Sr. Rodríguez Barrera indicou que tamén había unha páxina especializada sobre o camiño que variaba os finais de etapa e que o que tiñan que facer era traballar e defendelo, ó que o Sr. Arango Ron dixo que a Xunta as veces defendía intereses particulares e cambiaba o camiño en determinado sentido como fixera en determinados sitios como Barreiros, e tamén en Lourenzá e por iso en calquera momento a Xunta podía sacarnos o final de etapa, e ante as palabras do Sr. Rodríguez Barrera de que había que defendelo, argumentou que pouco poderían facer se era unha decisión política e ademais que tampouco tiñan que defender nada cando historicamente dende facía hai moitos anos era final de etapa, máis de douscentos ou trescentos anos, porque aquí había un Hospital onde paraban os peregrinos, ao que Sr. Rodríguez Barrera respondeulle que tamén pararían en Mondoñedo.

Dado por finalizo o debate, pasouse á votación e o Pleno, con sete votos a favor, do partido socialista e do B.N.G., e dúas abstencións







## Concello de Lourenzá

do Partido Popular, ACORDOU aprobar a Moción nos termos nos que estaba redactada sendo os que se transcriben a continuación:  
*“Manuel Arango Ron, voceiro do Grupo Municipal do Ps de G-PSOE, eleva ao Pleno da Corporación, para o seu debate e aprobación, a seguinte MOCIÓN sobre as pretensións do Concello de Mondoñedo en relación co Camiño de Santiago.*

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

*Na páxina oficial do facebook do Concello de Mondoñedo apareceu hai case dous anos a información sobre a presentación da segunda fase do Plan “Mondoñedo, municipio para investir”.*

*Dentro do apartado “ Poboación, patrimonio, cultura e turismo” aparece a seguinte declaración de intencións ( recollida textualmente): “Seguirá potenciando o posicionamento de Mondoñedo como “ fin de etapa” do Camiño de Santiago”.*

*Recentemente , na prensa, apareceu co titular “Final de etapa, principio del éxito, un objetivo cada vez más cercano”, sendas declaracións do Alcalde de Mondoñedo e da Presidenta Provincial do Partido Popular reclamando para o seu concello o final de etapa do Camiño Norte.*

*É de todos coñecido que historicamente Lourenzá é final da etapa 27 que comeza en Ribadeo e principio da etapa 28 que remata en Gontán ( Abadín), pasando no seu percorrido polo concello de Mondoñedo.*

*Considerando que este posicionamento é unha grave deslealdade institucional por parte dun concello veciño, propoñemos á consideración do Pleno Municipal o seguinte ACORDO:*

- 1.- Instar ao Concello de Mondoñedo, e, en particular ao seu equipo de goberno, a que desista das súas pretensións de converter ao seu concello en final de etapa do Camiño do Norte.*
- 2.- Trasladar ao Concello de Mondoñedo o malestar da veciñanza de Lourenzá causado por estas declaracións e intencións, que poñen en risco a boa convivencia que existiu sempre entre estes concellos veciños e amigos. “*

### **Expediente 312/2022. MOCIÓN DA PLATAFORMA NA DEFENSA DA SANIDADE NA MARIÑA SOBRE O SERVIZO DE SAÚDE MENTAL NA COMARCA**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Neste punto da Orde do día e coñecido polos concelleiros o contido da **MOCIÓN SOBRE O SERVIZO DE SAÚDE MENTAL NA**





## Concello de Lourenzá

COMARCA presentada pola plataforma na defensa da sanidade pública na Mariña, pasouse á votación, e o Pleno, en votación ordinaria e con sete votos a favor do P.S.de G-P.S.O.E e B.N.G., e dúas abstencións, do P. Popular, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a MOCIÓN SOBRE O SERVIZO DE SAÚDE MENTAL NA COMARCA presentada pola plataforma na defensa da sanidade pública na Mariña, nos termos nos que está redactada e que son os que literalmente se transcriben a continuación:

“MOCIÓN SOBRE O SERVIZO DE SAÚDE MENTAL NA COMARCA

*Despois do paulatino e continuado desmantelamento que está a sufrir a sanidade pública na última década na comarca, coa supresión da Área Sanitaria da Mariña por medio, véndose agravado agora este desmantelamento desde a pandemia e sen que desde o Sergas nin desde a Xunta se poña remedio á actual caótica situación, que xa sobrepasa todos os límites en moitos concellos pola falta de profesionais, e tendo en conta tamén que no Hospital de Burela, no que aumentan os metros cadrados ao mesmo tempo que diminúen os servizos, seguen a incrementarse día a día as derivacións ao HULA, polo que as mariñas e mariños vemos reducidos progresivamente os servizos que temos dereito a ter, por enriba de todo isto, sufrimos tamén a precariedade no Servizo de Saúde Mental da Mariña.*

*Este servizo conta actualmente cunha soa profesional para atender a todo o distrito sanitario da Mariña, que supón unha soa psiquiatra para unha poboación duns setenta mil habitantes. Este servizo ten unha dotación de tres psiquiatras, máis desde hai un ano só conta con dous, ao trasladarse a terceira das profesionais a outra área, sen ser substituída en ningún momento desde a súa marcha e desde hai dúas semanas outro psiquiatra está a desfrutar dun permiso de paternidade que tampouco foi cuberto a día de hoxe.*

*A Unidade de Saúde Mental (USM) organiza a súa actividade de xeitos que dous psiquiatras atenden nas consultas e o terceiro reparte a súa xornada entre a atención en domicilios en toda a comarca coa equipa da continuidade de coidados, xunto a unha enfermeira especialista e unha técnica de coidados auxiliares de enfermería, e a atencións ás residencias sociosanitarias dos catorce concellos da Mariña.*

*O traslado dunha das psiquiatras en maio do 2021 sen ser cuberto obriga ao facultativo de continuidade a pasar á atención da consulta deixando esta equipa sen persoal facultativo. Os pacientes que eran visitados a domicilio agora teñen que desprazarse para acudir a consulta á USM de Burela . A atención a residencia está facéndose a maiores da xornada habitual, coa sobrecarga que isto ocasiona e sen poder manter a periodicidade previa nas visitas. Desde hai dúas semanas a totalidade da actividade de saúde mental recae sobre*





## Concello de Lourenzá

*unha soa facultativa.*

*Esta situación, con dous psiquiatras ausentes sen substituír, afecta directamente a máis de cincocentos pacientes aos que habería que engadir familiares, amizades e coidadoras polo que a cifra final podería incrementarse considerablemente. Moitos destes pacientes xa tiveron que sufrir a perda da súa consulta ou van perdela nos vindeiros meses, causándolles un sufrimento ou angustia polo que nos atopamos diante dunha situación de emerxencia asistencial e mesmo social que atenta contra os alicerces da sanidade pública e que golpea aos pacientes máis vulnerables acrecentando aínda máis a desigualdade.*

*Outra das eivas que presenta o servizo de saúde mental na Mariña é a falta de psiquiatra infantoxuvenil polo que hai que desprazarse a Lugo ao non existir aquí a especialidade de psiquiatría infantil.*

*En Enfermería o cadro de persoal consta dunha enfermeira de consulta e dunha enfermeira especialista + unha TCAE para o equipo de continuidade de coidados (nestes momentos deficitario en persoal porque non hai psiquiatra a tempo completo) equipo que está saturado, sendo necesaria outra enfermeira e outra TCAE para formar un segundo equipo.*

*No que respecta a Psicología, no equipo de saúde mental da Mariña hai unha dotación de 2 psicólogos, facendo un deles de psicología infantoxuvenil( co redución de xornada). A media de psicólogos clínicos é de 18 por cada 100.000 habitantes. No Estado español a media é de 6 por cada 100.000 e na Mariña, para unha poboación de 70.000 hai dous profesionais representando unha media de 2,8 por 100.000, o que significa que estamos en claro déficit.*

*A Unidade Asistencial de Drogodependencias de Burela (UAD) que atende aos 14 concellos da comarca, está xestionada polo Concello de Burela con subvencións anuais da Consellería de Sanidade a través da FEGAMP.*

*A pesar de que o diagnóstico e tratamento de condutas aditivas forma parte da carteira de servizos comúns de atención especializada do Sistema Nacional de Saúde e o Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, inclúe as unidades de tratamento de alcoholismo e outras dependencias entre os dispositivos asistenciais básicos de Saúde Mental, estes seguen xestionados por concellos e ONG, nun contexto cada vez máis disfuncional que afecta á organización, e á propia prestación asistencial.*

*A praza de psiquiatría da UAD nunca estivo ocupada por un psiquiatra debido ás precarias condicións económicas e existen dificultades para cubrir vacantes o que compromete gravemente a actividade asistencial.*

*Por todo o anteriormente exposto, solicitamos ao Pleno do Concello*





## Concello de Lourenzá

de Lourenzá, que na vindeira sesión trate esta moción e adopte os seguintes acordos:

O Pleno do Concello de Lourenzá insta á Xunta de Galicia a :

1.- Solucionar de inmediato esta situación de emerxencia substituindo as dúas ausencias de psiquiatría para dar así unha alternativa ás persoas que teñen unha cita ou a aquelas que levan meses agardando por unha consulta.

2.- Crear na USM de Burela un segundo equipo de continuidade de coidados con outra enfermeira e outra TCAE e dotación de terapeuta ocupacional que non existe en Burela pero sí noutras USM."

SEGUNDO.- Achegar certificación do presente acordo a Xunta de Galicia instándoa a que adopte as medidas e os acordos oportunos para:

1.- Solucionar de inmediato a situación de emerxencia substituindo as dúas ausencias de psiquiatría para dar así unha alternativa ás persoas que teñen unha cita ou a aquelas que levan meses agardando por unha consulta.

2.- Crear na USM de Burela un segundo equipo de continuidade de coidados con outra enfermeira e outra TCAE e dotación de terapeuta ocupacional que non existe en Burela pero sí noutras USM."

TERCEIRO.- Achegar certificación do presente acordo á Plataforma na Defensa da Sanidade Pública da Mariña para o seu coñecemento e efectos oportunos.

CUARTO.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta, D<sup>a</sup>. Rocío López García para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesario para a execución do presente acordo.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

#### DACIÓ DE CONTA DA EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA DO PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2022.

Chegado este punto da Orde do día deuse conta do informe emitido sobre a execución do presuposto correspondente ó **PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2022**, que foi enviado ao Ministerio de Economía e Facenda o día 25/04/2021, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.





## Concello de Lourenzá

### **DACIÓN DE CONTA DO PMP CORRESPONDENTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2022.**

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informe do **PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2022** relativo ao **CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEDORES** de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpriuse no Primeiro Trimestre do Exercicio 2021, posto que o Período Medio Global foi de 26,94 días.

Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 25/04/2022.

### **DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPUESTO DO EXERCICIO 2021.**

Neste punto da orde do día deuse conta ó Pleno do Concello, de conformidade co disposto no artigo 191 e 192.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, do acordo da Xunta de Goberno Local de vinte e catro de marzo do dous mil vinte e un (24/03/2022), da Liquidación do Presupuesto Municipal correspondente ó exercicio do 2021.

De dita Liquidación deuse conta á Oficina Virtual das Entidades Locais o día 25/03/2022.

Aínda que para este exercicio está suspendido o cumprimento das regras fiscais, dita Liquidación ofrece os seguintes resultados e arroxa o resumo que se transcribe a continuación:

A.- CUMPRE co obxectivo de ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA, arroxando unha capacidade de financiamento ó peche do exercicio de 94.574,21 Euros.

B.- INCUMPRE (aínda que no sexa obrigatorio e soamente a nivel informativo) co obxectivo da REGRA DE GASTO, arroxando unha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable ó peche do exercicio de 25.955,01 Euros.

C.- CUMPRE co límite de débeda, arroxando un volume de débeda viva que ascende a 124.440,53 Euros, o que supón un 6,97% dos





## Concello de Lourenzá

dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Capítulos 1 ao 5) da última liquidación practicada correspondente ao ano 2020, que ascenden a 1.786.394,50 euros, así como o 6,66% da Recadación Líquida a 31/12/2021 que ascende a 1.867.825,84 euros.

D.-O Período Medio de Pago Anual(4º trimestre 2021) que é de 14,91 días e polo tanto ESTÁ DENTRO do establecido.

<b>A)</b>	<b>RESULTADO PRESUPOSTARIO</b>	<b>EUROS</b>
1	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.234.184,05
2	OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS NETAS	2.166.271,63
<b>3</b>	<b>RESULTADO PRESUPOSTARIO (1-2)</b>	<b>67.912,42</b>
4	DESVIACIÓNS NEGATIVAS DE FINANCIAMENTO	3.055,56
5	DESVIACIÓNS POSITIVAS DE FINANCIAMENTO	8.570,66
<b>6</b>	<b>RESULTADOS DE AXUSTES</b>	<b>-5.515,10</b>
7	GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE	0,00
8	RESULTADO DE OPERACIÓNS COMERCIAIS	0,00
<b>9</b>	<b>RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO(3-4+5+6+7)</b>	<b>62.397,32</b>
<b>B)</b>	<b>REMANENTE DE TESOURERÍA</b>	
<b>1</b>	<b>(+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO</b>	<b>707.359,94</b>
	De Presuposto de Ingresos. Exercicio Corrente	366.358,21
	De Presuposto de Ingresos. Presupostos Pechados	340.845,51
	Doutras operacións non Presupostarias	156,22
<b>2</b>	<b>(-)OBRIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO</b>	<b>147.760,54</b>
	De Presuposto de gastos. Presuposto Corrente	83.385,00
	De Presuposto de gastos. Presupostos Pechados	0,00
	De Outras Operacións non presupostarias	62.375,54
<b>3</b>	<b>(-)PARTIDAS PENDENTES APLICACIÓN</b>	<b>-216.466,23</b>
	(-) Cobros realizados pendentes aplicación definitiva	216.466,23
	(+)Pagos realizados pendentes aplicación definitiva	0,00
<b>4</b>	<b>(+) FONDOS LÍQUIDOS EN TESOURERÍA</b>	<b>1.480.786,61</b>





## Concello de Lourenzá

I	REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1-2-3+4)	1.823.919,78
II	GASTOS FINANCIAMENTO AFECTADO	10.415,63
III	SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	163.596,14
IV	REMAN. TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS(I-II-III)	1.649.548,01

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

#### PREGUNTA P.POPULAR: CAMINO NORTE DE LOURENZÁ

*O Grupo Municipal Popular no concello de Lourenzá de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte pregunta:*

***O Camiño de Santiago é un importante dinamizador social, cultural e económico para os concellos polos que discorre. A ruta do Norte pasa polo municipio de Lourenzá.***

*Tendo en conta que Vilanova é final de etapa, a nosa localidade é un dos puntos nos que os peregrinos aproveitan a súa parada para aloxarse; pero tamén para aprovisionarse de comida e realizar outras compras. Ademais, algúns dos camiñantes buscan tamén coñecer o municipio, os seus recursos naturais e patrimoniais; así coma a súa oferta lúdica e cultural.*

*Se temos en conta que algúns dos camiñantes poden volver como turistas, convén ofrecer a mellor oferta e os mellores servizos porque, de forma conxunta coa promoción de Lourenzá, permitirá potenciar a actividade económica vencellada ao Camiño. Unha maior presenza de peregrinos e visitantes xerarían maior impacto económico no municipio e, á súa vez, requirirían de máis servizos que darían pé ao asentamento de novos negocios.*

*Así, o Grupo Municipal Popular no concello de Lourenzá presenta as seguintes preguntas:*

***Cales son as accións de divulgación do Camiño Norte ao seu paso por Lourenzá e dos recursos naturais e patrimoniais do noso municipio que ten levado a cabo o goberno local para atraer visitantes á localidade? E que accións leva impulsado para a promoción e apoio ao emprendemento e impulso de actividades económicas relacionadas coa oportunidade que supón para Lourenzá ser final de etapa do Camiño Norte?***





## Concello de Lourenzá

Pola Sra. Alcaldesa indicouse que partindo da premisa de que anos atrás había contratado un técnico de turismo durante dous ou tres meses no verán e esa era toda actividade dedicada ó turismo por parte do concello e que agora tiñan un técnico de turismo contratado case os doce meses do ano, o cal daba non soamente para centrar as actuacións de promoción dos recursos turísticos e turismo no verán senón a desestacionalizar e facelos a longo todo ano e facer activades e accións que ó mellor moitas non se vían todo o traballo que se estaba facendo (polo Sr. Rodríguez Barrera indicouse que a contratación da técnica de turismo fora unha das mellores cousas que fixeran ó que por parte da Alcaldesa indicouse que entón no entendía a crítica, alegando o Sr. Rodríguez Barrera que había máis cousas que poderían facerse) e pola Sra. Alcaldesa pasouse a enumerar moitas das actividades de divulgación do Camiño Norte levadas a cabo polo concello como:

- 1.- Actualización de datos, envío información e posta en contacto cos principais responsables dos dominios/páxinas web co Camiño Norte: gronze.com; caminodesantiago.gal; alberguescaminosantiago.com; caminodesantiago.consumer.es; santiagoways.com; pilgrim.es.
- 2.- Envío de mails informativos a todas as Asociacións dos Camiños de Santiago.
- 3.- Actualización de toda a información en páxina de todos os organismos oficiais.
- 4.-Elaboración dun vídeo promocional do Fin de Etapa que se publicou en todas as páxinas e portais relacionados co Camiño de Santiago e Camiño Norte.
- 5.-Elaboración dun folleto específico cos Servizos exclusivos ó Peregrino.
- 6.-Paneis informativos do Camiño Norte, entrada e saída de Lourenzá.
- 7.-Colocación de novas sinalizacións.
- 8.-Remodelación das instalacións do Albergue Público Municipal pola Xunta, mellorándose así a calidade dos servizos que se ofertan nel.
- 9.-Bancos peregrinos, zoas de descanso e aparcamento bicicletas.
- 10.-Asignación de novas zoas de descanso para cabalos, transportins para cans, etc, e así poder viaxar con mascotas e telos no albergue.
- 11.-Creación de novos folletos QR con información e soporte para el peregrino.
- 12.-Creación da marca #lourenzacamino norte#lourenzacamionorte.
- 13.-Participación en xornadas con blogueros internacionais mostrándolles Lourenzá e todas as súas posibilidades.
- 14.-Celebración da Millas Populares Lourenzá Fin de Etapa Camiño







## Concello de Lourenzá

Norte.

15.- Campaña publicitaria “Lourenzá- Elije el Norte” en Galicia, Asturias, Castela e León.

16.- O teu Xacobeo, nomeando a Adrián Ben como embaixador de Lourenzá fin de Etapa do Camiño.

17.- Aperturas da Igrexa a peregrinos en horarios específicos.

Seguiu dicindo que como podía verse eran moitas as actividades que se facían e non so orientadas ó peregrino senón tamén o resto dos turistas e visitantes, que tiñan unha técnica de turismo que estaba dispoñible as vinte e catro horas ó día, e antes as accións turísticas limitábanse a unha visita pola mañá a igrexa e museo de arte sacro e outra pola tarde, que cando ela entrara recoñecía que aínda era así, e que habíanse dado pasos moi importantes, e se avanzara moito e conseguíranse moitas cousas, que por suposto sempre podía avanzar máis, e en canto á explotación de recursos naturais e patrimoniais como a ruta de sendeirismo, pola Alcaldía indicouse que habería quedarlle unha volta, que era moi extensa, que había tramos intransitables porque discorrían polo medio do monte, que incluso falara de facer unha reunión coa Asociación de Sendeirismo para ver que se podía facer e darlle un novo formato. Pola súa parte, o Sr. Rodríguez Barrera matizouse que o problema era que estaba abandonada, que efectivamente ó mellor era un pouco longa, 31 km. pero que podería acortarse pero iso non tiña que ver con cuidala, que cando se estreara era unha ruta marcada e rozada, que os camiños estaban ben, que ninguén se perdía, e que hoxe o das marcas era un dos principais problemas, que faltaban as marcas, que os carteis estaban rotos, arrancados, como na Caleira en Santo Adrao ou a ponte de madeira, antes dos muíños, que estaba destrozada e que a xente podía perderse dado que estaba anunciada na páxina web, e que el xa avisará que debería sacarse da páxina mentres non estivera en condicións e que se gastaran cartos e habería que cuidar o que había.

Por parte da Sra. Alcaldesa indicouse que aceptaba a crítica e que era coñecedora que había cousas que mellorar pero que nesa área avanzarse moito e que agora estábanse centrando máis na Ruta da Faba, que era a que se estaba promocionando non a de sendeirismo, que era coñecedora de que había moitos atractivos paisaxísticos e patrimoniais, que era moi fácil crear rutas pero o problema era que había que mantelas, como pasara coa de San Rosendo, que fixese a Xunta e mantivésea os primeiros anos pero agora era o concello o responsable do seu mantemento, ó que ó Sr. Rodríguez Barrera dixo que dende que pasaban uns anos e se camiñaba por elas, xa case non facía falla rozalas

Despois iniciouse un pequeno debate sobre o incremento ou non de afluencia de peregrinos do Camiño Norte en relación cos outros





## Concello de Lourenzá

camiños e pola Alcaldía opinábase que estaba incrementándose a presenza de peregrinos, que en Lourenzá dende que estaban eles, abriran tres o catro albergues e varias vivendas de turismo rural o cal era unha boa sinal, e que de feito, nunha reunión á que asistira para a creación da Mesa do Camiño Norte, todos os asistentes eran da mesma opinión. Pola súa parte o Sr. Rodríguez Barreira manifestou que era da opinión contraria e que el cría que o Camiño do Norte había experimentado un baixón aínda que non botaba a culpa a Lourenzá.

Finalmente por parte da Sra. Alcaldesa quíxose aclarar unha nota de prensa do Partido Popular na que dicían que o día oito de xullo non había ninguén para atender ós peregrinos e selar as tarxetas, e isto non era verdade, porque ese día estaba ela, e chegara un autobús e seláraselles a compostela a parte deles e que se quedara algún, a partir das sete, faríano na igrexa ou no albergue porque foran por alí e coincidira, pero non porque non houbera ninguén na oficina de turismo.

### **ROGO BNG: FAROLA AVDA. MONDOÑEDO**

***Enrique José Rocha Pérez, concelleiro/a Portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Lourenza, ao abeiro da lexislación vixente,***

***EXPÓN:***

*Na Avenida de Mondoñedo, diante do taller de aluminios, había unha farola que rompeu xa fai un tempo.*

*Os veciños da zona teñen a rúa sen luz causando isto certas incomodidades.*

***ROGO:***

*A colocación dun equipo de alumeadado público o ante posible.*

*Pola Sra. Alcaldesa indicouse que teríase en conta o rogo presentado e que era coñecedora de que se trataba de dúas farolas.*

### **ROGO BNG: VIAL ARROXO**

***Enrique José Rocha Pérez, concelleiro/a Portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación***





## Concello de Lourenzá

*Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente,*

**EXPÓN:**

*En Arroxo na zona de arriba da escola necesita unha limpeza e rozadura do vial.*

*A estrada que vai a Paraños atópase nun estado deficiente con moitas fochancas.*

**ROGO:**

*A limpeza dos viais e o arranxo das fochancas.*

Pola Sra. Alcaldesa preguntouse se referíase a finca que ía por riba da escola, ese era o camiño de Santiago que era competencia da Xunta e que agora ese camiño estaba xa rozado.

Dixo tamén que en canto a estrada que ía a Paraños e as fochancas das que falaba, íanse reparar e bachear a parte que estaba peor co proxecto de camiños financiado co remanente que xa estaba executándose estes días, e preguntando a Sra. Vázquez Abal pola estrada que ía a Arroxo porque estaba tamén en moi mal estado e facía falla bachear, podar e rozar, pola Alcaldía informouse que tamén íase a bachear polo menos onde estaban os baches máis grandes, co mesmo proxecto do remanente e que era consciente que facía moita falla.

### **ROGO: MESA NEGOCIACIÓN REHABILITACIÓN MOSTEIRO**

**Aurea María Vázquez Abal, concelleiro/a Portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente.**

**EXPÓN:**

**Vista a resposta dada polo Congreso dos Deputados à pregunta feita polo noso deputado nacionalista, Néstor Rego Candamil, sobor a axuda económica para a rehabilitación do Mosteiro de Lourenzá anunciada polo Ministerio de Industria na que nos aclara a causa pola que non poidemos ser beneficiarios deses cartos que se prometeran e a maiores explícasenos que aínda así, o Ministerio de Industria Comercio e Turismo ten previstos sucesivos instrumentos para a rehabilitación do patrimonio histórico de uso turístico por valor de ata 500 millóns de euros para o trienio 2021-2023.**

**ROGO**





## Concello de Lourenzá

**Entendemos dende este grupo nacionalista que ten que reactivarse a mesa de negociación que se tiña instaurada para o tema da rehabilitación do Mosteiro de San Salvador e que na dita mesa non se debería vetar a presenza de ninguén que poidera aportar ideas ou colaboracións que foran positivas para acadar o fin desexado.**

**A maiores entendemos que ademáis deste Ministerio nomeado anteriormente, deberíamos instar a outros que poidan ter relación como o Ministerio de Cultura e o de Transporte, este derradeiro pola obriga que ten de adicar un 1,5 por cento do seu orzamento para cuestións culturais.**

A Sra. Alcaldesa indicou que tomaba nota do rogo, indicando que tamén eles estaban a favor de volver a reactivar a Mesa de negociación e que faríano en breve.

Pola súa parte o Sr. Arango informou, con respecto a este rogo, que estivera nunha reunión co Director Xeral de Vivenda do Ministerio e falaran do 2% cultural e dixéralles que podía entrar pero que tiñan que solicitalo os propietarios do Mosteiro a título persoal, o que trasladaronlle ó Obispado nunha reunión que tiveran fai unos quince días e que xa estaban mirando, que tiñan máis cousas, que pensaran tamén na Casa Diocesana de Mondoñedo, pero que ó mellor esta incluía noutra liña de axudas e poderían mirar o do Mosteiro.

### **ROGO BNG: MACHUCO**

**Aurea María Vázquez Abal, concelleiro/a Portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente,**

#### **EXPÓN:**

**Na parroquia de San Xurxo, no barrio de Machuco, atópase en mal estado de limpeza unha masa común ó río.**

#### **ROGO**

**Que se inste ós organismos competente para que procedan a súa limpeza e se ten algunha zona que sexa competencia do concello, este faga o correspondente.**

Pola Alcaldesa preguntouse a que masa común se refería, e pola Sra. Vázquez Abal indicouse que era a que estaba cerca Da casa onde vivía do zoco, pegado ó río.

A Sra. Alcaldesa indicou que teríase en conta dito ROGO.

### **PREGUNTA BNG: CONTEADOR MUÍÑO DO FRADE.**





## Concello de Lourenzá

*Enrique José Rocha Pérez, concelleiro/a Portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente.*

**EXPÓN:**

*Un veciño solicitou a colocación de un contedor de basura o carón dunha propiedade súa, utilizada como casa de alugueiro vacacional , situada no muíño do frade.*

*Segundo puidemos saber non se aceptou a solicitude.*

**PREGUNTA:**

*1.- Porque non se lle coloca un contedor tal e como solicitou?*

Pola Alcaldía indicouse que xa estaba colocado, que primeiro pedírallo de palabra, pero que dende que o pedira por escrito, que fora o día 11/07/22, colocárase o día 13/07/2022 e de feito mandáralle ó interesado unha foto ás once da mañá co contedor colocado.

### **PREGUNTA BNG: PRAZA DE MINUSVÁLIDOS**

*Enrique José Rocha Pérez, concelleiro/a Portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente.*

**EXPÓN:**

*Modificouse a ubicación da praza de estacionamento de minusválidos da praza*

**PREGUNTA:**

*1.- Reúne as normativas legais vixentes a praza? Porque se fixo ese corte no bordillo?.*

Pola Alcaldía indicouse que reunía as medidas normativas regulamentarias e que o bordillo sacárase para facilitar o acceso dende a praza de estacionamento e evitar o paso pola calzada empedrada.





## Concello de Lourenzá

### **PREGUNTA BNG: RESOLUCIÓNS ALCALDÍA.**

*Enrique José Rocha Pérez, concelleiro/a Portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación*

*Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente,*

**EXPÓN:**

*Un mecanismo de goberno municipal son as Resolucións da Alcaldía. Este grupo ten a dúbida de en qué supostos se pode tomar decisións en resolución e cando deben ser aprobadas en Pleno.*

**PREGUNTA:**

*1.- En que situacións se pode facer dunha forma e en situacións na outra?*

Pola Sra. Alcaldesa informouse que viña regulado nos artigos 21 e 22 da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local e que na sesión plenaria de 11/07/2019 adoptárase o acordo de delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local e tamén derase conta no Pleno de 19/09/2019 da Resolución da Alcaldía de 18/07/2019 de delegación de parte das súas compencias na Xunta de Goberno Local.

### **PREGUNTA BNG: PREGUNTA ADAMO**

*Aurea María Vázquez Abal, concelleiro/a Portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación*

*Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente.*

**EXPÓN:**

*Nestes derradeiros meses a empresa ADAMO veu de instalar no noso rural a fibra óptica en beneficio das veciñas e veciños que habitamos nel e que ten como obxecto de mellorar a nosa calidade de vida, tanto polas necesidades actuais de atoparnos nun mundo que nos esixe estar comunicados electronicamente coas diferentes administracións como polo noso propio beneficio.*

*Este grupo nacionalista recibiu información de que, aínda así,*





## Concello de Lourenzá

*quedaron excluídas desta instalación parroquias nas que parece ser que non se deu acadado un acordo, non sabemos si coas veciñas e veciños ou coa empresa instaladora.*

### PREGUNTA

*Quixeramos saber si o grupo de goberno ten información que nos poda aclarar que foi o que aconteceu para que parroquias, como A Cazolga, quedaran sen este servizo e si dende o*

*Concello levouse a cabo algunha xestión sobor este tema xa fora coa empresa instaladora coma cas veciñas e veciños.*

Pola Alcaldía informouse que cando se instalara a fibra en todo a concello, quedaran dous barrios sen ela, o barrio de Oural (Santo Tomé) e o da Cazolga e non foi porque non chegaran a un acordo cos veciños, senón porque tanto unha como noutra zona íase despregar cando fixeran a de Mondoñedo, eso foi o que transmitira a empresa no seu momento, e que eles seguiran insistindo con eles porque os veciños como é lóxico reclamábana porque a necesitaban, e agora a empresa dicía que estaban intentando levala por distintas vías forestais, no caso da Cazolga, dende Villapol pola pista que chegaba a Área da Cazolga, e no caso de Oural dende Santo Tome, dende a casa de Lino, pola pista enfronte a de San Rosendo, e como supoñía bastante problema coas empresas da madeira pedíanlle ó concello que actuara como mediador, e que estaban tratando de amañalo porque non había outra opción, que de feito sabía que era máis ben unha desculpa, pero que dixéralles que eles non tiñan problema para actuar de mediadores, que responsabilizábase o concello porque cría que era a única forma de que o fixeran, aínda que sabía que habería problemas, porque parecíalle que era desculpa para non facelo e que llo transmitira ós veciños da Cazolga nunha reunión que tiveran no mes de maio. Por parte do Sr. Rodríguez Barrera indicouse que o dos maderistas era unha desculpa barata pero que ía a haber problemas seguro, porque colocaban uns paos mal postos, cravados na terra sen cemento nin nada.


Pola súa parte, a Sra. Vázquez Abal dixo que en Mondoñedo xa estaba despregada, concretamente na zona de Masma preguntándolle a Alcaldía se estaba na zona de Oirán ou a Graña que era onde tiña que estar para poder traela a Lourenzá, contestándolle que Oirán non tiña.





## Concello de Lourenz

---



**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validacin: N42DRXK9QLSDKTT2K9P3YQ9F5 | Correccin: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Pxina 24 a 24

---

**Concello de Lourenz**

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenz. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506